

MATERIA
Facenda Pública: Ingresos e Gastos

unidade
didáctica
3

TITULACIÓN
Grao en Economía

Ciencias Sociais e Xurídicas

O ingreso público

Alejandro Ballesteros Ron

Departamento de Economía Aplicada
Facultade Ciencias Económicas e Empresariais

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DESCATALOGADO

© Universidade de Santiago de Compostela, 2013



Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.gl>

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Vicerreitoría de Estudiantes,
Cultura e Formación Continua
da Universidade de Santiago de Compostela
Servizo de Publicacións
da Universidade de Santiago de Compostela

ISBN

978-84-15876-26-7

MATERIA: FACENDA PÚBLICA: INGRESOS E GASTOS

TITULACIÓN: GRAO EN ECONOMÍA

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Unidade I. Fundamentos e Contextualización

A economía pública
O sector público: axentes, actividades medición
A intervención do Sector Público na economía de mercado
Fundamentación da actividade pública. Os erros do mercado
Elección colectiva e comportamento do sector público
Tipos de intervención. Instrumentos

Unidade II. O Gasto Público

Gasto público
Instrumentos de análise do gasto público: análise de proxectos
O Orzamento do sector público
Características do orzamento
Concepción clásica do orzamento
Técnicas orzamentarias
O orzamento en España
O gasto público no Estado do Benestar.

Unidade III. O Ingreso Público

O financiamento do sector público
Análise económica da imposición
Principios de imposición
Estrutura tributaria
Imposición e eficiencia

Unidade IV. O sistema Fiscal

Sistema persoal de imposición: O imposto sobre a renda
A imposición societaria
A imposición patrimonial
Os impostos indirectos

Unidade IV. Federalismo Fiscal

Xustificación económica da descentralización
Niveis de goberno e división de responsabilidades
Fórmulas de colaboración intermunicipal
O financiamento dos niveis de goberno descentralizado

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

XUSTIFICACIÓN

OS OBXECTIVOS

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

OS CONTIDOS

1. O financiamento do Sector Público
 - 1.1. Tipos de ingresos públicos
 - 1.2. Ingresos tributarios
2. Principios da imposición
3. Análise económica da imposición
 - 3.1. Análises de equilibrio parcial e xeral
 - 3.2. A translación espacial e temporal
4. Imposición e eficiencia
 - 4.1 O exceso de gravame
 - 4.2. Efectos sobre as eleccións dos contribuíntes
 - 4.3. Eficiencia e Equidade

ACTIVIDADES PROPOSTAS

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA


BIBLIOGRAFÍA

PRESENTACIÓN

A materia Facenda Pública: Ingresos e Gastos se enmarca no bloque formativo relativo ao estudo do sector público, no Grao de Economía. A materia está destinada aos alumnos do Grao en Economía da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Ten o carácter de obrigatoria no Plan de Estudos segundo o regulado no RD 1393/2007, e na lexislación propia da Universidade de Santiago de Compostela, e sitúase temporalmente no primeiro semestre do 3º curso do Grao.

O contido impártese cunha carga lectiva de 6 créditos ECTS. O 60% teñen carácter expositivo e o 40% interactivo. Así, nos horarios que se establecen anualmente no centro, a distribución semanal da carga lectiva, para os estudantes, faise combinando as aulas expositivas de dúas horas de duración (catro horas en dúas aulas nas dúas primeiras semanas de docencia), coas interactivas (a partir da terceira semana), de hora e media.

A programación docente está dividida en cinco unidades didácticas, nas que se abordan os aspectos máis relevantes para coñecer a Economía do Sector Público. A primeira parte, está destinada á contextualización da economía pública, á definición dos seus axentes e aos instrumentos de intervención cos que conta o sector público. A segunda centrase no estudo concreto dos gastos públicos e os orzamentos das administracións públicas. Na terceira, estúdase o financiamento do sector publico e os seus efectos no comportamento dos cidadáns na economía de mercado. O cuarto céntrase no estudo dos distintos impostos que forman o sistema fiscal, que proporciona a maioría dos ingresos. Déixase para o final o tema do federalismo fiscal, a súa xustificación económica, os aspectos teóricos e prácticos da descentralización e as competencias de ingresos e gastos correspondentes a cada nivel de goberno.



XUSTIFICACIÓN

Facenda Pública: Ingresos e Gastos é unha materia obrigatoria, que constitúe a primeiro contacto dos estudantes co campo da Economía do Sector Público.

Os seus obxectivos son os seguintes:

1. Introducir o alumnado no coñecemento teórico e práctico da Facenda, de tal forma que, poida: 1) coñecer o porqué da intervención do sector público na economía, 2) saber de que maneira e quen toma as decisións e como estas se trasladan a un documento orzamentario.
2. Coñecer como se financia o sector publico e os efectos que este financiamento ten sobre os cidadáns. Cuestións que axudan a facer fronte a outras materias que, obrigatoriamente, deben cursar en cursos superiores.
3. Servir como punto de partida para aqueles alumnos que sigan a especialidade pública, introducindo cuestións que serán tratadas en profundidade noutras materias do mesmo modulo.
4. Constituír unha base para todas as relacións futuras que vaian ter coa administración pública, así como para a planificación da súa actividade, no eido profesional e persoal.

Na unidade didáctica que nos ocupa, a nosa atención céntrase no apartado dos ingresos públicos, é dicir, como se financia o sector publico, cales son os seus ingresos e que efectos produce ese financiamento na economía e mercado. Analízanse os distintos ingresos a través e buscando, o mesmo tempo, a eficiencia e a equidade dos ingreso públicos. Estúdase sobre quen recaen os tributos, determinando os efectos destes na economía e no comportamento dos cidadáns. Analízanse os principios da imposición como regras que serven para xulgar e reformar os distinto ingresos.

Esta unidade está estreitamente relacionada coa seguinte, O Sistema Fiscal. Entre as dúas unidades, o alumno pode facerse unha idea da importancia no só dos ingresos públicos senón tamén dos efectos que estes teñen na economía. Sen que se entre no estudo polo miúdo dos impostos, materia do 4º curso de grao.

OS OBXECTIVOS

O estudo do sector público como axente económico esixe delimitar o seu ámbito e coñecer a súa dimensión, pero tamén xustificar a súa intervención nunha economía de mercado, e a forma como obtén os ingresos para satisfacer as necesidades públicas.

Os obxectivos da unidade radican en:

1. Coñecer por que e como se financia o sector público.
2. Coñecer a influencia dos ingresos no comportamentos dos cidadáns.
3. Coñecer os elementos e a terminoloxía fiscal.
4. Ver como debe ser o sistema fiscal e como podemos xulgalo.

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

A definición de método didáctico comprende o conxunto de estratexias e técnicas utilizadas polo docente que axudan a conseguir os obxectivos por parte do alumnado, mediante o traballo dos contidos nun contexto organizado. Pois ben, a través da

mestura dos tipos metodolóxicos afirmativo e de elaboración, os alumnos deberán ser capaces de identificar os distintos tipos de ingresos públicos, e como estes influen no comportamento dos distintos axentes económicos. Este aspecto deberá complementarse con razoamentos de como son, en termos dos principios da imposición, os impostos como ingreso público fundamental. É fundamental que os alumnos saiban distinguir se os ingresos son ou non equitativos ou eficientes. Ao mesmo tempo que comprenden que, en ambos casos, son conceptos moi complexos, susceptibles de interpretación, en función dos índices escollidos para analízalos.

Entre as actividades máis importantes que se deben realizar neste eido está analizar situacións e impostos reais ou ficticios onde non só achegarnos á comprensión da complexidade destes conceptos senón tamén comprender os diferentes elementos dos impostos para, sobre todo, o estudo en cursos posteriores do elementos do sistema fiscal español.

En resumo, partindo do método afirmativo, no que o profesor vai expresar os conceptos máis relevantes aos alumnos, estes han de saber achegarse ao método de elaboración, botando man da documentación entregada polo profesor/-a, así como tamén a través dunha investigación persoal. En moitas ocasións a busca realízase en grupo, aproveitando as vantaxes do traballo en equipo. Deste xeito, nas sesións interactivas son os alumnos os que toman o encargo didáctico, buscando unha *interactividade* na que todos aprendamos de todos. Deste xeito, o profesor busca activar a curiosidade e o interese do alumno polo contido do tema que se vai tratar, amosando a súa importancia e a súa utilidade ao longo da súa carreira non só estudantil, senón profesional.

O Ingreso Público

Obxectivos:

- Coñecer por que e como se financia o sector público ;
- Coñecer a influencia dos ingresos no comportamentos dos cidadans;
- Coñecer os elementos e a terminoloxía fiscal;
- Ver como debe ser o sistema fiscal e como podemos xulgalgo;

Metodoloxía:

- Mestura de aulas expositivas e interactivas, onde se estudan os temas xerais e se aplican a casos concretos, en tres fases:
 - 1ª Aproximación teórica;
 - 2ª Resolución de exercicios;
 - 3ª Aproximación práctica a través dos impostos do sistema fiscal español;

Organización:

O profesor sera o responsable da parte expositivo, recaendo sobre el a responsabilidade principal nesa parte.

Os alumnos serán os actores principais, pola súa banda, nas clases interactivas, onde deberán demostrar os coñecementos adquiridos.

Avaliación:


A avaliación será un proceso continuo, onde os alumnos, a través da participación en clase, de exercicios, probas e traballos, deberán ir demostrando os coñecementos ao longo da unidade.

OS CONTIDOS

Nas dúas primeiras unidades, coñecéronse os elementos fundamentais da economía pública, e o que fai da economía pública algo diferente da privada. Mentres nesta última, as relacións son esencialmente voluntarias, froito das decisións dos individuos, na pública, xeralmente, as decisións son coactivas, obrigatorias para os individuos e, en moitos casos, están rexidas polas leis.

Así, os ingresos públicos máis relevantes, os tributos son establecidos por lei, son obrigatorios, para os cidadáns.

Do mesmo xeito que o mercado incorre en determinados fallos que orixinan a intervención pública obrigatoria, o sector público debe acadar o seu financiamento, utilizando o mesmo principio de coactividade.



1. O financiamento do Sector Público

1.1. Tipos de ingresos públicos

O sector público pode acadar os seus ingresos de dúas formas:

1. A través dos mecanismos de mercado, é dicir, relacionándose co resto dos axentes económicos de xeito voluntario;
2. Utilizando o poder de coacción, é dicir, obrigando aos individuos e empresas as cantidades que lles solicita.

Esta clasificación sinxela dos ingresos públicos que se acerca á de A. Smith, que falaba de ingresos orixinarios, para os primeiros e derivados para, os segundos.

A partir desta sinxela clasificación, a tipoloxía dos ingresos públicos subdivídese para entrar en cada unha das categorías. Así, E. Seligman clasifica os ingresos do seguinte xeito:

Onde as dúas primeiras categorías corresponderían coa primeira de Smith mentres que a terceira coa que coactiva. Seligman sinala os tres poderes que pode

utilizar o sector público para obter ingresos da economía privada: o dominio eminente sobre toda a propiedade privada; o poder sancionador sobre os que incumpran a lei e o poder fiscal que ten o obxectivo de recadar tributos.

1. Gratuítos

- Donativos


2. Contractuais

- Prezos
- Alugueiros

3. Coactivos

- | | |
|--------------------|---|
| • Dominio Eminente | Expropiacións |
| • Poder penal | Multas |
| • Poder fiscal | Taxas, Contribución especiais, Impostos |

O profesor Neumark no século XX, introduce un tipo de ingresos públicos que completa as clasificacións anteriores. Neumark fala de ingresos obtidos polas economía pública doutras economía públicas así a súa clasificación sería:



Neumark establece que as economías públicas non só obteñen ingresos da economía privada senón que ademais poden obtelas doutras economías públicas nacionais ou estranxeiras.

Unha clasificación adicional dos ingresos públicos e xa estudada na unidade anterior dos orzamentos xerais do estado onde os ingresos públicos aparecen divididos en capítulos:

1. Capítulo I.- Impostos directos: Imposto sobre a renda das persoas físicas, sobre sociedades,....
2. Capítulo II.- Impostos indirectos: Imposto sobre o valor engadido, impostos especiais, sobre o tráfico exterior, sobre primas de seguros,...
3. Capítulo III.- Taxas e outros ingresos: Venda de bens e servizos, taxas, prezos públicos,...
4. Capítulo IV.- Transferencias correntes.
5. Capítulo V.- Ingresos patrimoniais.
6. Capítulo VI.- Alleamento de investimentos reais.
7. Capítulo VII.- Transferencias de capital.
8. Capítulo VIII.- Activos financeiros.
9. Capítulo IX.- Pasivos financeiros.

Destes capítulos pode recordarse que os dous primeiros representados polo impostos corresponde coa maior parte dos ingresos.

Cabe indicar que os ingresos coactivos corresponden fundamentalmente cos tributos. Estes divídense en: Taxas, Contribucións especiais e Impostos.

1.2. Ingresos tributarios

1.2.1. O imposto

O imposto defínimolo como aquela parte da financiación pública que se obtén coactivamente da economía privada, entre cidadáns que cumpran unha serie de características determinadas e que non require contraprestación directa do Estado.

Os impostos teñen as seguintes características:

1. Esíxeos e recádaos o estado ou calquera outra administración por el facultada para iso;
2. Son coactivos, é dicir, obrigatorios;
3. Son unha obriga para unha serie de persoas que teñan unhas características determinadas, establecidas polas leis;
4. O pago do imposto non dá dereito a ningunha contraprestación.

Os impostos teñen os seguintes elementos:

SUXEITO ACTIVO: é a administración pública que ten a facultade para esixir o imposto.

SUXEITO PASIVO: é a persoa física ou xurídica que ten a obriga de pagar o imposto.

Distinguimos en función do imposto entre:

O Suxeito pasivo ou responsable legal é a persoa que ten a obriga legal de pagar o imposto.

O Contribuínte é aquel ao que esta dirixido o imposto e o paga efectivamente.

FEITO IMPOÑIBLE: O suceso ou acto, económico ou xurídico, fixado pola lei cuxa realización orixina o nacemento da obriga tributaria.

Exención tributaria: cando se realiza o feito imponible pero non orixina obriga tributaria por razóns subxectivos ou obxectivos.

BASE IMPOÑIBLE: cuantificación do feito imponible, xeralmente a través do obxecto imponible

Deducións (na base): reducións da base imponible por circunstancias subxectivos ou obxectivos establecidas na lei de cada tributo;

BASE LIQUIDABLE: o resultado de restarlle á base imponible as deducións

Tipo de gravame: porcentaxe que se aplica á base liquidable pode ser fixo ou crecente;

COTA ÍNTEGRA: resultado de aplicar o tipo de gravame á base liquidable. Tamén pode ser un cantidade fixa ou ambos procedementos no mesmo imposto;

Deducións (na cota): cantidades que se restan á cota íntegra establecidas na lei de cada tributo;

COTA LÍQUIDA: resultado de restarlle a cota íntegra as deducións;

+ recargas, + sancións, + intereses de demora =

DÉBEDA TRIBUTARIA

PERIODO IMPOSITIVO: distínguense dúas datas no imposto:

1. O vencemento ou data de devindicación do imposto, época na que se orixina a débeda do contribuínte,
2. Recadación época na que se devindica a débeda tributaria, é dicir nace a obriga de realizar o pago desta.

Tipos de impostos:

Os impostos poden clasificarse en función de a quen se lle esixe o pago, así temos:

Impostos directos: Son aqueles que gravan os fluxos de ingreso ou beneficio das economías privadas, ademais dos susceptibles incrementos de valor dos bens que posúan

Impostos indirectos: Son aqueles que se recadan con ocasión de determinados actos que suceden de forma irregular e en base a decisións privadas, actos de consumo, importacións,...

En función de a quen ou que gravan:

Impostos persoais ou subxectivos: cando se grava á persoa polos feitos imponibles que realiza de tal maneira que se teñen en conta no pago do imposto as súas circunstancias persoais.

Impostos reais ou obxectivos: cando se grava o feito imponible en orixe sen ter en conta quen o realiza, nin as súas circunstancias persoais.

Pódense establecer outras clasificacións de impostos pero as máis relevantes son as aquí establecidas.

1.2.2. Taxas e contribucións especiais

As **taxas** son ingresos públicos que se esixen pola utilización privativa do dominio público, ou por servizos ou actividades administrativas que sexan:

1. De solicitude ou recepción obrigatoria para os cidadáns, polas leis ou por que sexa esencia para súa vida privada ou social.
2. Nin prestados polo sector privado.

O custo como máximo debe ser o de prestación do servizo.

Fronte as taxas xorden como ingreso non tributario os prezos públicos que se esixen por servizos ou actividades administrativas:

1. De solicitude ou recepción voluntarias.
2. Prestados polo sector privado.

O custo como mínimo debe selo de prestación do servizo.

A **contribucións especiais** corresponden a un pago que vén propiciado por un beneficio obtido pola realización dun investimento público que revaloriza a propiedade.

As contribucións especiais deben financiar como máximo un 90 % do custo do investimento para administración que as esixe. Existen algúns supostos especiais en función de se a obra beneficia de maneira particular a algunha empresas ou grupos de empresas (p.ex. aseguradoras, empresas de subministracións). Son voluntarias para as administracións.

2. Principios da imposición

Os principios da imposición establecen por un lado que os impostos deben respectar un conxunto de criterios xerais que se refiren como **principios** da imposición e cuxo cumprimento global por un sistema impositivo definiría un cadro ideal de imposición

Por outro lado, os principios permiten iluminar criterios que serven para xulgar a racionalidade dos sistemas fiscais concretos e determinar as reformas ou cambios que os adapten ao seu cumprimento.

Frecuentemente, fan referencia ao sistema impositivo pero poden adaptarse a figuras impositivas concretas.

1. Principio de equidade

Un dos valores máis importantes do sistema fiscal vén achegado por este principio. As cargas tributarias deben repartirse do xeito máis xusto posible.

Debe dársele un certo contido a esta equidade, a través de consideracións:

1. A **xeneralidade**: todas as persoas en tanto teñan capacidade de pago e estean tipificadas pola realización dun feito impositivo, sen que existan discriminación anticonstitucionais (nacionalidade, raza, sexo,...), estean obrigadas ao pago dos impostos. Malia que existan circunstancias, aplicación de mínimos exentos, que veñen por razóns económicas ou sociais.
2. A **equidade horizontal**: as persoas que estean en situacións económicas semellantes han de recibir o mesmo trato impositivo. A dificultade estriba en coñecer a situación económica dos contribuíntes, para distinguir os que están na mesma ou en distinta situación económica. A renda é o elemento principal para determinala, pero tendo en conta, as circunstancias persoais e familiares do individuo. Así, os impostos persoais sono por gravar a renda modulada pola situación persoal (idade, discapacidades,...) e familiar (estado civil, fillos, ascendentes,...) do contribuínte.
3. A **equidade vertical**: as persoas que estean en distintas situacións económicas han de ter un trato impositivo distinto. Isto implica que os que teñen unha maior renda deben pagar máis impostos e os que teñen unha renda baixa debe pagar moito menos ou incluso non pagar. Para conseguir isto, os impostos persoais teñen tipos variable crecentes, progresivos.

O obxectivo da equidade é que os impostos directos formen parte dos elementos que redistribúen a renda, producindo un pago igual aos que están en situacións semellantes e distinto, crecente, aos que están en situacións distintas.

2. Principio de eficiencia

Todos impostos afectan ao comportamento dos individuos e reducen o seu benestar. Esta redución do benestar prodúcese a través dunha dobre vía:

1. O pago do imposto leva unha transferencia de renda do sector privado ao sector público de contía igual ao recadado. A esta carga directa dos impostos -que é inevitable se o obxectivo de financiar o gasto debe satisfacerse- denomináselle **efecto renda**. Obviamente todo os impostos que dean lugar á mesma recadación deben ter o mesmo efecto renda, e todos os impostos que se recaden teñen efecto renda.
2. Por outra parte, os impostos distorsionarán o proceso de elección dos axentes, inducéndolles a abandonar aquelas actividades (de produción ou consumo) relativamente máis gravadas. O feito de que os individuos adopten as súas decisións por razóns fiscais en vez de facelo por razóns de custo ou produtividade causará unha perda de benestar adicional o efecto renda. A este exceso de carga por encima da recadación, resultado do efecto substitución do imposto, denomináselle **exceso de gravame**.

Sendo o primeiro inevitable, o sistema fiscal debe producir as menores distorsións posibles nas eleccións do axentes económicos. Así, cando un imposto

se crean diferenzas na tributación de distintas actividades pode xurdir un exceso de gravame. Malia que, nalgún caso, este efecto pode ser intencional, dado que o goberno desexa fomentar unhas actividades fronte a outras (por exemplo, consumo de bens menos contaminantes fronte o outros contaminantes).

3. Principio de suficiencia

O principio de suficiencia establece que o sistema tributario debe proporcionar os recursos necesarios para dar cobertura financeira o gasto.

A suficiencia, ante todo, é un elemento da estrutura tributaria que nos di se esta vai a ser capaz ou non de cubriro gasto público.

Pódese dicir que hai dúas formas de vela suficiencia: anual e plurianual. A primeira é contraria ao déficit en todo momento. A segunda oponse á existencia dun déficit estrutural definido pola incapacidade permanente do sistema tributario para financiar a dinámica do gasto, pero non a un déficit conxuntural, provocado pola situación económica.

4. Principio de flexibilidade

Para Neumark, o principio de flexibilidade ou de capacidade de adaptación da imposición enuncia que o sistema fiscal debe permitir que en caso necesario e a curto prazo, se consigan **automaticamente** ou mediante **medidas xurídico-tributarias** os ingresos complementarios que sexan imprescindibles para a cobertura economicamente racional dos gastos públicos xurdidos de novos gastos de carácter permanente ou de carácter único e extraordinario.

Flexibilidade activa:

Ten por obxecto facilitar a execución de medidas fiscais anticíclicas, de maneira que nun caso de prosperidade e crecemento controle a renda e o consumo para que non aparezan tensións inflacionistas, e no caso dunha recesión trate de impedir mediante reducións tributarias que esta se prolongue ata converterse nunha depresión.

Non se trata de variacións automáticas, a través das cales, se eleve a recadación en relación á renda, senón que se trata de instrumentos de política-económica para incentivar ou desincentivar en depresión ou en prosperidade.

Flexibilidade pasiva:

O sistema fiscal debe estar estruturado, como dicimos antes ao falar da suficiencia, de maneira que a evolución dos seus rendementos, contribúa a frear as flutuacións a curto prazo da actividade económica xeral, particularmente as monetarias e as de emprego sen que prexudiquemos a longo prazo o crecemento económico.

Tratase dun instrumento que:

1. Debe funcionar automaticamente e non a través de normativas político-económicas;
2. Debe ser inherente ao sistema;
3. Debe cumprir exactamente que o subir a renda (PNB, renda nacional,...) subirá a recadación.

5. Principio de transparencia

A transparencia tributaria presenta varios aspectos:

1. A certeza en canto ao momento e á natureza do pago do imposto, así como na débeda tributaria. É dicir a certeza en canto ao cando, ao porqué, e ao canto dun imposto;
2. A claridade e comprensibilidade das normas xurídico-tributarias. Este aspecto está marcado por dúas cuestións:
 1. a gran importancia que teñen os imposto directos persoais, que traen consigo a necesidade de ter en conta as peculiaridades propias do contribuínte, ademais da súa renda;
 2. a complexidade crecente da vida económica, coa aparición de novas figuras financeiras,... o que se reflicte en complexas normas de dereito tributario.

A esixencia de transparencia tributaria non é unha esixencia de simplicidade dos propios impostos, que como veremos son bastante complexos, senón tamén é unha esixencia de minimización da cantidade de impostos existentes o que de por si fai moito menos transparente o sistema tributario.

Tamén constitúe unha referencia a relación entre os ingresos tributarios e as administracións que os recadan e a quen financian. Os contribuíntes deben coñecer a quen pagan os tributos e a que están financiando con eles.

Se os sistemas fiscais non son transparentes, os custos relativos a recadación medran, de tal forma que esta se ve reducida. Estes custos son:


1. O custo no que incorre a administración fiscal cando recada impostos, este tipo de custo incrementase a medida que a lexislación fiscal se fai máis complexa, así mentres a administración dun imposto sobre a renda é moi complexa a administración dun imposto de capitación é a máis sinxela de todas. Isto tamén depende do grao de descentralización da facenda pública, un sistema moi descentralizado, federal, é máis complexo que un centralizado. Este tipo é coñecido como custo de administración.
2. O outro é o custo no que incorre o propio contribuínte para pagar o seu imposto. É dicir, custos de asesoramento, o custo que representa o tempo gastado en cubrir a declaración,... Neste caso como no anterior o imposto sobre a renda baseado en declaracións individuais do contribuínte é o máis custoso para este, mentres que un imposto de capitación, sería o menos custoso. Estes son coñecidos como custos de cumprimento.

3. Análise económica da imposición

Os impostos como vimos son pagados por aqueles a quen se lle esixe, pero tamén supoñen que se modifican os custos das actividades gravadas por eles. Así os prezos deses bens ou actividades se incrementan e os consumidores e usuarios poden deci-

dir deixar de consumir, reducir o seu consumo, substituíndoo ou non por outro. Isto afecta a outros bens ou servizos. Por un lado, afecta á demanda de factores da produción do sector implicado no imposto e por outro afecta a demanda do sector que ve como se incrementa a demanda do ben propio polo imposto. Serían prexudicados os factores da produción do sector sobre o que se establece o imposto e beneficiados os do outro.

Gráfica 1.- Incidencia dun imposto sobre a venda dun produto



Cando se establece un imposto sobre un ben determinado o prezo se incrementa e como vemos na gráfica 1 a oferta se desdobra. Co imposto, mentres os produtores seguen operando na curva orixinal, O, antes do imposto, os consumidores pasa a percibir a nova curva onde se lle suma o imposto, O'.

Deste xeito. Os consumidores pagaran un prezo P_2^d e os produtores percibirán un prezo P_2^{of} , a diferenza entre ambos é o imposto. Como podemos ver na gráfica, o imposto repártese entre os consumidores e os produtores, xa que aqueles pagan máis e os segundos perciben menos. Tomados en valor absoluto debe cumprirse que:

$$\Delta P^d + \Delta P^{of} = T$$

Por outra parte tomando as elasticidades, tamén en valor absoluto:

$$E^d = \frac{\Delta Q}{\Delta P^d} \times \frac{P_1}{Q_1} \quad E^d * \Delta P^d = \Delta Q * P_1 / Q_1$$

$$E^{of} = \frac{\Delta Q}{\Delta P^{of}} \times \frac{P_1}{Q_1} \quad E^{of} * \Delta P^{of} = \Delta Q * P_1 / Q_1$$

$$E^d * \Delta P^d = E^{of} * \Delta P^{of}$$

Así temos dúas igualdades:

$$E^d * \Delta P^d = E^{of} * \Delta P^{of}$$

$$\Delta P^d + \Delta P^{of} = T$$

Substituíndo a segunda na primeira e operando obtemos:

$$\Delta P^d = (E^{of} / E^{of} + E^d) * T$$

$$\Delta P^{of} = (E^d / E^{of} + E^d) * T$$

De forma que o incremento do prezo que sofren os consumidores polo imposto depende do produto do imposto pola relación da elasticidade da curva de oferta con respecto a suma en termos absolutos das dúas elasticidades. O descenso do prezo que perciben os produtores depende do produto do imposto pola relación da elasticidade da curva de demanda con respecto á suma en termos absolutos das dúas elasticidades.

3.1. Análises de equilibrio parcial e xeral

A partir da aquí, os impostos teñen efectos nos mercados dependendo sobre todo da contía do propio imposto, pero tamén da resposta dos consumidores ao incremento do prezo e os produtores da redución da súa remuneración.

Esta situación no queda circunscrita a relación entre os consumidores e os produtores. As análises de **equilibrio parcial** son as que conducen a que estas conclusións.

Así, o efecto dos impostos limitase a que os consumidores pagarán un prezo maior, reducirán o seu consumo e estes prexudicará os empresarios, algúns dos cales deberán de abandonar o mercado, os restantes unha vez recuperado o equilibrio volverán a obter beneficios.

As análises de **equilibrio xeral** (véxase Paniagua e Navarro [2011], páx 66 e seg.), pretenden determinar a incidencia final dos impostos no conxunto da economía. Os impostos sobre todos os significativos poden ter unha incidencia importante xa que o conxunto da economía é bastante sensible ás interaccións entre o mercado sometido a imposición e outros mercados, de tal xeito que non podemos ignorar estes efectos sobre outros mercados.

A evolución dos modelos de equilibrio xeral conducen a tres tipos de modelos:

1. Os de primeira xeración que constituían unha extensión dos modelos de equilibrio parcial, analizando as interaccións entre os mercados de bens, de traballo e de capital, sobre supostos simplificadores:
 1. ofertas de capital e traballo fixas e inalterables con perfecta mobilidade interna.
 2. Agregación de consumidores e produtores nun número reducido.
 3. As accións prodúcense nun único punto no tempo, instantaneamente, sen complicacións que ten a acción estendida no tempo.
2. Modelos máis avanzados que manteñen as suposicións de ofertas fixas dos factores pero amplíase o ámbito dos consumidores, factores e mercados.
3. Modelos máis recentes que relaxan a suposición de ofertas fixas e amplían a dimensión temporal do comportamento dos consumidores e dos produtores.

Desde o modelo de Harbeger (1962) ata os traballos máis avanzados intenta determinarse o efecto dos impostos sobre outros axentes que non os directamente implicados nel. Así, pode establecerse que un imposto sobre o capital establecido sobre un sector da economía (p. ex. a fabricación de automóviles) pode ter como consecuencia un menor salario para todos os traballadores tanto os do sector de automóbil como os dos restantes sectores. Dependendo da intensidade con que o sector utilice o factor traballo e o factor capital.

3.2. A translación espacial e temporal

O mesmo tempo que os impostos se trasladan entre sectores económicos, tamén poden trasladarse entre xurisdicións. Neste caso, o traslado podería chamarse exportación. Esta produciríase cando os impostos esixidos pola administración (Goberno local, rexional ou nacional) dunha xurisdición son trasladados aos habitantes doutra (outro municipio, rexión ou nación).

O grao de exportación impositiva depende de:

1. A sustituibilidade na demanda e na produción;
2. Das intensidades con que se utilicen os factores da produción;
3. O grao de mobilidade dos factores de produción;
4. O tamaño relativo da economía.

Así, tendo en conta estes elementos os impostos poden ter consecuencias máis ala do ámbito onde a vai a ter a súa recadación. Neste sentido, os impostos teñen externalidades que poden ser positivas, por teñan consecuencias positivas nas demanda e oferta de factores fóra da xurisdición como negativas se ocorre o contrario.

Os modelos de equilibrio xeral estáticos non teñen en conta que: a maior parte das cargas sopórtanse ao longo do tempo e que a incidencia pode depender de quen e de cando resulten gravados; e, quen a respostas dos compradores e vendedores aos impostos pode evolucionar no tempo.

Admitida a incidencia no tempo, unha análise dinámica require que se defina a dimensión temporal e as expectativas sobre o futuro pola súa influencia nas respostas dos consumidores e produtores. A complexidade de ter en conta as expectativas nos leva dous tipo de modelo: a chamada estática comparativa, que permite ignorar as expectativas e a incidencia transicional que considera que os axustes se fan na transición dun estado a outro.

A estática comparativa baséase en que todas as decisións adoptadas por demandantes e oferentes non cambian dun ano para outro, de forma que o stock de activos tampouco variará co paso dos anos. O tempo non tendería consecuencias nun mundo estático como este.

Así unha análise acerca das consecuencias do cambio dun imposto sobre a renda por un imposto sobre o consumo só require analizar as consecuencias en cada momento de cada un dos impostos, e comparar os axustes que se producirían no cambio.

No proceso de tránsito dunha situación estática a outra prodúcense cambios que non poden ignorarse. A economía pode atoparse nunha situación estática, loxicamente a incidencia de calquera cambio na lexislación fiscal dependerá de cal sexa a reacción dos contribuíntes no momento no que se produza. Nestes casos, os efectos de incidencia resultantes na nova situación estática virán determinados, en gran medida por dous factores interrelacionados: os efectos do cambio lexislativo sobre o comportamento económico dos axentes privados e, ademais, os seus efectos sobre os niveles de stocks dos factores produtivos, tendo en conta que estes determinarán de forma importante como cambiará a economía ao pasar da antiga situación á nova. Certamente, os efectos de incidencia na nova situación estática dependerán tanto ou máis destes axustes no stocks que do cambio real na lexislación fiscal. Noutras palabras, os cambios nas cargas impositivas poderían deberse máis á redistribución entre os contribuíntes da transición e os das seguintes xeracións, que ao cambio na forma de imposición.

A importancia potencia da incidencia transicional pode exemplificarse recorrendo de novo a exemplo da substitución dun imposto sobre a renda por un imposto sobre o consumo con idéntica recadación. En principio, podería pensarse que no momento do cambio fiscal a xeración de xubilados, ao ter tomada as súas decisións de aforro, non cambiarían o seu comportamento aforrador, razón pola que en aparencia, a carga do imposto sobre o consumo para esta xeración non presenta ningunha dificultade. Nunha reflexión máis profunda, cabe prever que, en resposta ao cambio impositivo, a xeración de poboación activa podería alterar a súa oferta de traballo e a contía do seu aforro, e que polo tanto, a carga da imposición sobre el consumo para esa xeración de xubilados no só acabaría dependendo dos seus aforros, senón tamén do tipo de interese, que probablemente tamén cambiaría có cambio no nivel de aforro dos contribuíntes máis xoves. Ademais, esta xeración de poboación activa, para poder elixir as cantidades óptimas de aforro e de oferta de traballo, necesitaría coñecer o tipo de interese ao que tería que facer fronte tras a

súa xubilación, pero esta cuestión estará condicionada ás decisións que no futuro adopta a xeración seguinte, non nacida.

En definitiva a carga do imposto para a xeración de xubilados no momento de adopción do cambio impositivo dependera das expectativas sobre os tipos de interese derivados das decisións que adoptasen as xeracións futuras.

A incorporación destas expectativas a os modelos de equilibrio xeral, e sobre todo os modelos multisectoriais máis completos, implicaría unha esixencias de cómputo tales que o custo de determinación dos axustes da transición poder a resultar prohibitivo.

Dise que existe capitalización impositiva cando o impostos que grava a renda dun activo ao longo do tempo reduce o prezo de mercado dese activo. Na análise da capitalización impositiva pode distinguirse, entre capitalización parcial e total, segundo o prazo de tempo considerado.

Considérese un ben o input duradeiro, como a terra, cuxa oferta e fixa. Nun mercado perfectamente competitivo, o prezo da terra é igual ao valor presente descontado do fluxo de rendementos que podan obter que seus propietarios ao longo do tempo Así, se chamamos r ao tipo de interese, R_0 ao rendimento ou renda da terra no ano actual, R_1 á renda correspondente ao próximo ano, R_2 á renda obtida dentro de dous anos e R_n á renda que se pode obter no último ano, o seu prezo P será.

$$P = R_0 + \frac{R_1}{(1+r)} + \frac{R_2}{(1+r)^2} + \dots + \frac{R_n}{(1+r)^n}$$

Supóñase que se anuncia que se vai introducir un imposto anual sobre a renda da terra, cuxa recadación será de T_0 no ano presente, T_1 no seguinte, T_2 dentro de dous anos e T_n no ano n . Sábese que ao ser a oferta da terra fixa, o imposto orixinará unha redución da renda anual recibida polos propietarios na contía total do gravame e que por conseguinte, pasará a ser para cada un dos anos: $(R_0 - T_0)$, $(R_1 - T_1)$, $(R_2 - T_2)$ e $(R_n - T_n)$. Isto significa que os compradores potenciais da terra non só computarán nas súas decisións de compra a corrente de rendementos futuros que este lles proporcionara, senón tamén o fluxo de obrigações tributarias futuras a que terán que facer fronte se fan a compra polo que loxicamente o prezo que estarán dispostos a pagar será:

$$P^* = (R_0 - T_0) + \frac{(R_1 - T_1)}{(1+r)} + \frac{(R_2 - T_2)}{(1+r)^2} + \dots + \frac{(R_n - T_n)}{(1+r)^n}$$

É dicir, un prezo que sería igual o prezo antes de imposto menos o valor actual de todas as obrigas fiscais futuras. Este proceso recibe o nome de capitalización impositiva.

Un imposto sobre un ben ou factor de oferta fixa incidirá plenamente nos propietarios correntes no momento do seu establecemento e non suporá carga algunha para os compradores.

Na maioría dos casos, as ofertas dos factores tenden a ser elásticas a medio e longo prazo, polo que a capitalización impositiva só chega a ser parcial. No caso concreto do capital, a súa oferta é considerada inelástica a curto prazo, en consecuencia, un imposto xeral sobre o capital capitalizarase plenamente no prezo.

A medio prazo o aforro ten unha relación positiva directa co seu rendemento, o gravame inducirá unha redución da oferta de capital e, polo mesmo, un aumento da súa produtividade marxinal, compensándose así parcialmente a súa capitalización a curto prazo.

4. Imposición e eficiencia

Como xa se comentou ao falar do principio de eficiencia, todos os impostos afectan ao comportamento dos individuos e reducen o seu benestar. Esta redución do benestar prodúcese a través dunha dobre vía:

- 1ª O pago do imposto leva unha transferencia de renda do sector privado ao sector público de contía igual ao recadado. A esta carga directa dos impostos -que é inevitable se o obxectivo de financiar o gasto debe satisfacerse- denomináselle **efecto renda**. Obviamente todo os impostos que dean lugar á mesma recadación deben ter o mesmo efecto renda.
- 2ª En xeral, os impostos distorsionarán o proceso de elección dos axentes, inducíndolles a abandonar aquelas actividades (de produción ou consumo) relativamente máis gravadas. O feito de que os individuos adopten as súas decisións por razóns fiscais en vez de facelo por razóns de custo ou produtividade causará unha perda de benestar adicional o efecto renda. A este exceso de carga por encima da recadación, resultado do efecto substitución do imposto, denomináselle **exceso de gravame**.

Estas perdas analizámolos en varios impostos, para sinalar sobre todo cando non existe exceso de gravame.

No caso dun **imposto de capitación**, de suma fixa, que se pode definir como aquel imposto cuxa contía non depende das accións do individuo. Cun imposto destas características ningún prezo relativo resulta alterado. O imposto de suma fixa é eficiente pois produce un efecto renda puro e o custo de ineficiencia resulta nulo.

Un imposto de capitación provoca que ningún consumidor poda variar os seus impostos alterando o seu comportamento económico. Por conseguinte, baseará as súas decisións en consideracións de custo relativo, non haberá nunca efecto substitución e o resultado será eficiente.

No caso dun **imposto selectivo sobre o consumo**, esíxese sobre o consumo de calquera produto da economía, é dicir, neste caso o produto eleva o prezo do produto

co respecto aos demais da economía. O custo desta distorsión para o consumidor será directamente proporcional á elasticidade da demanda do produto.

Unha demanda moi elástica implicará que o consumidor altera notablemente o seu comportamento como resultado da alteración do prezo relativo do ben causado polo sistema fiscal. Consecuentemente, a distorsión é grande.

Agora ben, se o produto ten unha elasticidade reducida, o comportamento altermase pouco como resposta á distorsión fiscal e que, entón, o custo para o consumidor é baixo. De feito, no límite, cando a demanda é perfectamente inelástica, o consumidor non alterará o seu comportamento como resultado da distorsión fiscal, non se producirá entón ningún efecto substitución e o imposto será eficiente.

Un **imposto xeral sobre vendas**, ao ser un imposto que se esixe sobre tódolos produtos da economía é neutral con respecto a decisión, posto que o incremento de prezos é igual para tódolos produtos e, polo tanto, os prezos relativos seguen sendo iguais, pero segue sen ser eficiente, porque se distorsiona a elección entre produtos e ocio, que non pode ser gravado. Este imposto tenderá a crear custos de benestar, na medida en que non poida ser gravado o ocio.

Por último, un **imposto sobre a renda salarial** grava todas as rendas salariais produce efectos similares ao caso anterior entre o traballo e o ocio aínda que non varíen os prezos relativos dos produtos xa que os traballadores poden elixir traballar menos para pagar menos imposto. O custo de ineficiencia será menor cuanto máis inelástica sexa a oferta de traballo ao longo dunha curva de indiferenza.

Os custos de eficiencia da imposición xorden porque boa parte dos impostos ocasionan diverxencias entre o valor relativo e o custo relativo dos bens ou os factores da produción. Estas diverxencias distorsionan as decisións dos axentes, inducendo a substitución de actividades gravadas por actividades con fiscalidade benigna ou nula.

En xeral, polo tanto, os impostos xeran asignacións ineficientes de recursos. Esta regra xeral admite tres excepcións:


1. Primeira, os impostos de suma fixa, que por definición non xeran efectos substitución.
2. Segunda, todos aqueles impostos que gravan bens cuxa demanda son infinitamente inelásticas.
3. Terceira, os impostos que gravan factores cuxa oferta é infinitamente inelástica. Neste caso, os incentivos a substitución non operan.

4.1 O exceso de gravame

Os impostos deben alteralo menos posible as decisións dos axentes económicos.

Os individuos elixen, de xeito óptimo, utilizando os prezos xerados polo funcionamento do sistema económico. Ao alterar os prezos como consecuencia do imposto, cámbianse as decisións. Preténdese que tales distorsións sexan mínimas.

Gráfica 2.- O exceso de gravame



$$a = b \times h$$

$$b = Q_1 \quad h = P_2 - P_1 \quad P_2 = P_1 + T = P_1 + tP_1$$

$$h = tP_1$$

$$a = Q \ tP_1 \quad \text{a recadación do imposto}$$

$$d = 1/2 \ b \times h \quad h = tP_1$$

$$d = Q_1 - Q_2 = \Delta Q \quad E^d = \Delta Q / \Delta P \times P_1 / Q = \Delta Q / tP_1 \times P_1 / Q$$

$$E^d = \Delta Q / tQ \quad \Delta Q = E^d tQ \quad b = 1/2 \ E^d \ tQ \ tP_1$$

$$d = \text{Exceso de gravame} = 1/2 \ E^d \ t^2 \ Q_1 \ P_1$$

Así, desta formula destacamos tres termos que nos indican os factores que inflúen no exceso de gravame:

1. **A elasticidade da demanda:** Canto maior sexa a elasticidade maior e o exceso de gravame;
2. **O tipo impositivo:** Canto maior e o tipo impositivo máis influencia ten no exceso de gravame, tanto máis canto esta elevado o cadrado.
3. Canto maior sexa o **gasto antes de impostos** maior será o exceso de gravame.

Se se trata da oferta de traballo a análise sería semellante e os factores sería tamén:

1. A elasticidade da oferta: Canto maior sexa a elasticidade maior e o exceso de gravame;
2. O tipo impositivo: Canto maior e o tipo impositivo máis influencia ten no exceso de gravame, tanto máis canto esta elevado o cadrado.
3. Canto maior sexa a renda salarial antes de impostos maior será o exceso

4.2. Efectos sobre as eleccións dos contribuíntes

Analízase nesta apartado as eleccións entre consumo-aforro, traballo-aforro a que dá lugar a existencia dun imposto sobre o consumo e un imposto sobre o aforro.

4.2.1. Imposto sobre o consumo

A elección entre consumo e aforro supón que os consumidores elixen entre consumir hoxe ou consumir no futuro, tendo en conta que a renda aforrada será consumida en vindeiros períodos.

Un imposto sobre o consumo supón un gravame sobre o consumo actual fronte o consumo futuro que representa o aforro. O efecto do imposto sobre os consumidores depende de dúas variable esperadas: por un lado de cómo os consumidores pensan que van ser nun futuro os tipos de gravame e de cómo evolucionaran os tipos de interese a os que colocan o aforro. Considerando que os consumidores consideran que os tipos de interese non cambiarán no período no que toman a decisión, os efectos do imposto poden ser:

1. Se os tipos de gravame esperados non varían o imposto é neutral, a decisión dependerá neste caso dos tipos de interese ou do obxectivo do consumidor.
2. Se os tipos esperados son maiores que os actuais se incentiva o consumo actual, enténdese que os prezos no futuro serán maiores e por iso mércase hoxe.
3. Se os tipos esperados son menores que os actuais se incentiva o consumo futuro, ao contrario, pensase que os prezos no futuro serán maiores e convén adiar a compra.

O consumo depende da renda e a renda depende do número de horas traballadas, así, a renda depende inversamente do número de horas dedicadas ao ocio. Así, podémosnos preguntar se imposto sobre o consumo inflúe na decisión entre consumir bens ou consumir ocio.

En ausencia de impostos, o prezo dunha hora de ocio é equivalente a renunciar a unha hora de traballo, é dicir, o salario que se percibiría nesa hora. Coa introdución do imposto o prezo desa hora redúcese, porque o imposto grava renda consumida, como

parte da renda. Esta redución ten como consecuencia un incentivo ao diminuír o número de horas traballadas posto que o ocio (considerado como un produto de consumo máis) non foi gravado e, en consecuencia, abarátouse respecto do resto de produtos.

4.2.2. Imposto sobre a renda

Un imposto sobre a renda presenta claramente dúas distorsións principais a elección entre ocio e traballo e elección entre aforro e consumo.

Distorsión ocio-traballo

Un imposto sobre a renda ten como consecuencia que a remuneración por hora traballada diminúe, posto que cada unidade de renda por hora traballada é gravada o tipo marxinal correspondente. Esta diminución da remuneración ten a contrapartida de abaratar o ocio, polo cal existe un incentivo para que o individuo cambie horas de traballo por horas de ocio (efecto substitución).

Sen embargo, a súa vez, a introdución do imposto provoca que se o individuo quere manter o seu nivel de renda anterior, deber aumentar o número de horas traballadas para compensar a súa baixada salarial (efecto renda).

En definitiva, atopámonos con dous efectos: un que reduce a oferta de traballo e outro que a incrementa. O resultado dependería dos propios individuos, da súa renda e outros condicionantes. Así, por exemplo, un traballador de renda alta ante a redución salarial provocada polo imposto pode facilmente reducir a súa oferta de traballo, mentres que un traballador de renda baixa ante a mesma situación pode incrementar a súa oferta co obxecto de obter renda para manter a súa familia.

Distorsión aforro-consumo

O imposto sobre a renda grava os rendementos do aforro, provocando que la rendibilidade de cada unidade monetaria aforrada diminúa polo imposto. Isto fai que se reduza o prezo de consumo actual, posto que consumindo estase deixando perder unha menor remuneración do aforro que a existente con anterioridade a introdución do imposto. Polo tanto o consumo tende a aumentar, é dicir, o aforro tende a diminuír (efecto substitución);

Non obstante, de xeito semellante ao que sucedía no caso anterior se o individuo quere manter un certo nivel de consumo futuro, debera diminuír o consumo e aumentar o aforro (efecto renda)

Novamente atopámonos con efectos contrapostos. Onde os aforradores deben decidir en función de a que están destinando o aforro, unha compra de vivenda, de vehículo, para a xubilación, etc. Dependendo de cada un destes destinos pero neste caso tamén do tipo de interese, os aforradores adoptarán as súas decisións.

4.3. Eficiencia e Equidade

A eficiencia e a equidade son os dous principios primordiais da imposición. Mentres que o primeiro indica que os impostos e o sistema fiscal non deben interferir

nas decisións dos contribuíntes o segundo implica que o reparto das cargas tributaria debe ser o máis xusto posible e para iso debe interferir necesariamente nas decisións dos cidadáns.

Ao longo dos últimos anos, a teoría sobre a imposición e práctica política cambiaron desde anos onde a máis importante era que o sistema fose equitativo a outros onde se considera que o máis importante, incluso o máis equitativo é que o sistema sexa eficiente.

Este cambio na filosofía tributaria fai que o sistema fiscal sexa máis neutral nas decisións do axentes económicos pero ao mesmo tempo o sistema teña un carácter menos redistribuidor, trasladando esta política ao ámbito do gasto público.

As diferenzas entre eficiencia e equidade veñen provocadas entre outras por circunstancias distintas na imposición indirecta e na directa.

Na imposición indirecta:

A equidade sinala que os produtos de primeira necesidade, os que consomen todos os cidadáns, deberían sufrir un gravame inferior aos dos bens de luxo, que non son necesarios e son consumidos polas rendas máis altas.

A eficiencia indica como a demanda dos bens de luxo é máis elástica ca dos de primeira necesidade que teñen unha demanda ríxida, estes deberían sufrir un maior gravame.

Na imposición directa:

A equidade indícanos que os impostos deben ser progresivos, incrementándose os tipos de gravame a medida que se incrementa a renda. É dicir, as rendas máis altas deben pagar máis impostos que as rendas máis baixas

A eficiencia indica que o exceso de gravame se incrementa co tipo impositivo. Por outra parte, a oferta de traballo ten unha maior elasticidade nos maiores perceptores de renda co que o seu exceso de gravame será superior, o imposto debe ser máis baixo. Ademais, o valor dos ingresos iniciais inflúe directamente no calculo do exceso de gravame. O contrario sucede cos que perciben rendas máis baixas.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

Nesta unidade didáctica, ademais de coñecer os ingresos públicos, imos acercarnos á realidade da imposición. Así, unha das actividades fundamentais que han de realizar os alumnos é a de seguir a prensa, principalmente a económica, para coñecer a realidade da nosa Facenda. Isto dá pé para comparar a teoría que estudamos coa práctica.

Ao longo das sesión nas aulas nas que esta unidade vai ser impartida iranse propoñendo diversas actividades, entre as que podemos citar

1. A través de datos que publicados pola OCDE e polo EUROSTAT faremos unha comparativa da evolución dos diferentes indicadores do ingreso público nos países pertencentes a ambos organismos. Analizaremos cal é

o significado da presión fiscal, da carga fiscal, etc. en diferentes países, as cautelas á hora de facer comparacións internacionais, o peso dos distintos ingresos públicos .

2. Distinguir a través de exemplos reais entre os distintos ingreso públicos. Así, nunha clase discutiremos como categorizar un lista de ingresos públicos.
3. Utilizaranse situacións reais para falar dos comportamentos dos axentes económicos con respecto os impostos. Utilizando e debatendo entre outros elementos a fraude fiscal.
4. Levaremos a cabo discusións, debates, comentarios de texto, sobre os principios da imposición, sobre a situación actual e o futuro do sistema fiscal.

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

Partimos de que debemos ter en contas as actividades propostas, e máis en concreto a resposta dos alumnos a estas, a súa actitude e como demostran adquirir coñecementos a través das discusións e debates.

A avaliación convértese así nunha mestura da actividade interactiva e expositiva do alumno. Así, pois, unha parte desta avaliación dependerá dos resultados que consiga o alumno na realización dos traballos, aportacións nas aulas e nas discusións que se produzan.

Outra parte da avaliación depende do apartado que se dedicará a este tema no exame final.

Cremos que é imprescindible o seguimento continuo e activo da materia para poder superar o exame final, pois sen os traballos e a participación do alumno na aula non se poderá chegar a superar a unidade e a materia.

BIBLIOGRAFÍA

Básica

- ALBI, E. J.M. GONZÁLEZ-PÁRAMO e I. ZUBIRI (2009): *Economía Pública II*, Barcelona: Ed. Ariel.
- ATKINSON, A.B. e J.E. STIGLITZ. (1988): *Lecciones sobre economía pública*, Madrid: Instituto de Estudios Fiscales.
- BACKHAUS, J. e R . WAGNER (2004): *Handbook of Public Finance*, Boston: Kluwer Academic Publishers.
- BUSTOS, A. (2010): *Lecciones de Hacienda Pública*, Madrid: Ed. Colex.
- CARAMÉS, L. (2004): *Economía Pública Local*, Madrid: Ed. Civitas-Thomson.
- CARAMÉS, L. (1994): *Introducción a la Hacienda Autónoma y Local*, Madrid: Ed. Civitas.

- ÁLVAREZ GÓMEZ, F., J. F. CORONA RAMÓN e A. DÍAZ ÁLVAREZ (2007): *Economía Pública: Una Introducción*, Barcelona: Ed. Ariel.
- FUENTES, E. (1990): *Hacienda Pública. Principios y estructura de la imposición*, Madrid: Ed. Rufino García Blanco.
- GRUBER, J. (2011): *Public Finances and Public Policy*, New York: Worth Publishers.
- HARBERGER, A.C. (1962): "The Incidence of Corporation Income Tax". *Journal of Political Economy*, Vol. 70, nº 3, páxs. 215-240.
- MUSGRAVE, R.; P. MUSGRAVE (1999): *Hacienda Pública Teórica y Aplicada*, Madrid: McGraw Hill.
- PANIAGUA SOTO, F.J.; R. NAVARRO PASCUAL (2011): *Hacienda Pública II. Teoría de los ingresos públicos*. Madrid: Uned-Pearson Pretice Hall.
- ROSEN, H. (2007): *Hacienda Pública*, Madrid: Ed. McGraw-Hill. (7ª edición)
- STIGLITZ, J.E. (2006): *La Economía del Sector Público*, Barcelona, Ed. Antonio Bosch.

Complementaria:

- ALBI, E. (2000): *Público y Privado. Un Acuerdo Necesario*. Barcelona: Ed. Ariel.
- ARGIMON, A., L. GÓMEZ, P. HERNÁNDEZ DE COS e F. MARTI (1999): *El Sector de las Administraciones Públicas en España*. Estudios Económicos, núm. 68. Madrid: Banco de España.
- BOADWAY, R. e D. WILDASIN. (1986): *Economía del Sector Público*, Madrid: Instituto de Estudios Fiscales.
- GONZÁLEZ-PÁRAMO, J.M. (1997): "Déficit Público, Inflación y Convergencia de la Economía Española", en J. Barea [dir.]: *Déficit Público Y Convergencia Europea*, pp. 54-109. Price Waterhouse. Madrid.
- HERBER, B. (1975): *Hacienda Pública Moderna. El Estudio de la Actividad Económica del Sector Público*. Madrid: Instituto de Estudios Fiscales.
- LÓPEZ, M. (1997): "La Fiscalidad y la Política de Vivienda En España", *Hacienda Pública Española*, núm. 141-142, pp. 287-334.
- MONASTERIO, C. E I. ZUBIRI (1996): "La Financiación de las Comunidades Autónomas: Balance y Propuestas de Reforma", *Papeles de Economía Española*, núm. 69, pp. 172-191.
- MONASTERIO, C.; J. SUÁREZ (1998): *Manual de Hacienda Autonómica y Local*. Barcelona: Ed. Ariel. Barcelona.

Citas de recursos en internet

- Axencia Tributaria: www.aeat.es
- Boletín Oficial do Estado: www.boe.es
- Instituto de Estudios Fiscales: www.ief.es
- Ministerio de Economía: www.meh.es
- Ministerio de Administraciones Públicas: www.map.es



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA